



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

OEP 2024. Profesor/a CMUS, especialidade trompa. Aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo
ANUNCIO

Aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para para a cobertura en propiedade por persoal laboral fixo a tempo parcial, en quenda libre, dunha (1) praza de profesor/a CMUS na especialidade de trompa (grupo II, equivalente a A2), incluída na OEP 2024 do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000020 – CMUS. ESPECIALIDADE TROMPA.

Por Resolución da Alcaldía núm. 3431/2025, do 14/11/2025, aprobáronse as bases xerais e bases específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal laboral fixo a tempo parcial, en quenda libre, dunha (1) praza de profesor/a CMUS na especialidade de trompa (grupo II, equivalente a A2), incluída na OEP 2024 do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 225 do 24/11/2025. Publicouse anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia Núm. 250 o luns 29 de decembro de 2025. Publicouse anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado núm. 169 do 13 de xullo de 2026. De conformidade co disposto na base sexta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 10/08/2026.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, por Resolución da Alcaldía núm. 2505/2026 de 10/09/2026, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para para a cobertura en propiedade por persoal laboral fixo a tempo parcial, en quenda libre, dunha (1) praza de profesor/a CMUS na especialidade de trompa (grupo II, equivalente a A2), incluída na OEP 2024 do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

“Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido na Base Sétima da convocatoria (Admisión de aspirantes), e de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para para a cobertura en propiedade por persoal laboral fixo a tempo parcial, en quenda libre, dunha (1) praza de profesor/a CMUS na especialidade de trompa (grupo II, equivalente a A2), incluída na OEP 2024 do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI CODIF	CELGA 4	COMDIX	IDIOMA EXAMEN
1	LOZA DIAZ	JACOBO	**40399**	SI	NON	CASTELÁN
2	SARASOLA PONTON	ALMA	**38802**	SI	SI	CASTELÁN

Excluídos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI CODIF	CELGA 4	COMDIX	IDIOMA EXAMEN	MOTIVO EXCLUSIÓN
1	IGLESIAS LOPEZ	MARIA	**00007**	SI	NON	(*)	1
2	MEIZOSO FERNANDEZ	JAVIER	**73835**	SI	NON	CASTELÁN	2
3	MENDEZ RODRIGUEZ	GONZALO	**46174**	SI	NON	CASTELÁN	2, 3

Motivos de exclusión (segundo ao indicado na base 6.5):

1. Non achega o modelo específico de solicitude (Anexo II das bases do proceso selectivo) ou a documentación está incompleta.

2. Non achega relación de méritos.

3. Non achega a declaración responsable esixida.

(*) Aspirantes que non indican idioma na solicitude, de acordo co artigo 17 da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas serán distribuídas por defecto en lingua galega, salvo que a persoa aspirante solicite expresamente, con antelación, a súa realización noutra lingua oficial.

Segundo.- As persoas excluídas, así como as omitidas na relación provisional de admitidos e excluídos, disporán de un prazo de dez (10) días hábiles para emendar as deficiencias que sexan emendables, contado desde o día seguinte á devandita publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para poder emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Rematado o prazo de reclamacións, a Alcaldía ditará nova resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Resolución que será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

Terceiro.- Publicar esta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

Carballo, 21 de setembro de 2026

O alcalde

José Daniel Pérez López

2026/6134